# A BIBLIOTECA DO IES DE POIO RECOMENDA:




**BLACK JACK (Manga)**: Nada sabemos del aparte da súa nacionalidade xaponesa; o seu nome verdadeiro e as súas orixes permanecen ocultos. Sen embargo, a súa excepcional habilidade no quirófano ten sona de ser case divina...

**BLACK JACK (Filme)**: Nun mundo onde a morte pode cegar en calquera momento, un cirurxián brillante opera fóra da Lei; é o único home capaz de enganar á mesma morte... Mais por un prezo aterrador!




**TRAICIÓN** de Scott Westerfeld: Primeira parte dunha serie de catro libros ambientada en nunha sociedade retro-futurista na que se intervén aos seus membros quirurxicamente aos 16 anos para convertilos en perfectos... Tally que vai cunprir 16 anos coñece a Shay outra *imperfecta* que cumpre anos o mesmo día cae ela...




Queres disfrutar ao máximo do Mundo Fantástico? Este diario é o instrumento imprescindible para todos aqueles aventureiros dispostos a seguir os pasos de Arthur Spiderwick e os irmáns Grace nas súas investigacións do Mundo Fantástico...**SPIDERWICK LAS CRÓNICAS, Diario de los Fenómenos Fantásticos,** de T. Diterlizzi y H. Black.

**APOCALIPSIS Z** de Jaume BALAGUERÓ e Paco PLAZA: A civilización xa non existe, non hai Internet, nin televisión, nin móviles, non hai oficinas, nin escolas, nin supermercados. Non queda case ninguén vivo con quen falar.

Xa non hai nada que lembre que es un ser humano.

No mundo só quedan pequenos grupos aillados, austados e sen recursos, que quizais sexan peores có peor dos Non Mortos.






***A Apocalipse empezou,***
***Agora só queda un obxectivo:***
***SOBREVIVIR.***




**HEXED:** A Marca de Lucifer.de Emma Ríos:

I Onde Lucifer consegue unha mascota e dáse un baño.

II Onde Lucifer se enfronta ao paro e esperta cunha visita inesperada.

III Onde Lucifer aprende a conducir, posa para un retrato e pídelle un favor a un mirón,

IV Onde Lucifer se converte en actriz de reparto e aprende a temer o número 30.



## DO LATÍN AO ACENTO DE BURGOS:

# historia da lingua galega de pepe carreiro.






***SETTECENTO de Marcos Calveiro:*** **O badaleo de todos os campaniles de Venecia resoa en canles e pazos da Serenísima República unha mañá do ano de 1739 e , coma nun teatro barroco, álzase o pano deste melodrama para música no que os personaxes semellan agochar sentimentos e intencións tras unha banca máscara de Entroido.**




**UNICROM de Rosa Eníquez: Que fariades vós se vos desen a elixir? Elixiriades nacer? Como a pregunta era unicamente un trámite, un xogo preliminar nese asunto da vida, Asor mirou para o teito da cúpula de cristal na que se atopaba e saíu disparada dese ventre múltiple para apaecer no cume da Montaña Rosa.**

***A PRAIA DOS AFOGADOS de Domingo Villar: Nunha praia de Panxón na ría de Vigo, aparece o cadáver dun mariñeiro coas mans atadas cunha brida de plástico. Os veciños falan do suicidio, mais as primerias investigacións amosan unha realidade diferente que levará ao inspector Leo Caldas, a megullarse no ambiente mariñeiro da vila, nun universo onde o vento funga historias de naufragios e de heroes que venceon o mar.***



















a biblioteca do ies de poio desexávos felices

vacacións, cheaaasss dddeee

librrrrrroooooooooooooossssssssssssss